

~ ÁGORA ILUSIOOÓH!N

OUTONO 2022

No ciclo ILUSIOOÓH!N 2022 reúnen-se seis espectáculos multidisciplinares onde as artes do circo, a danza acrobática, as artes escénicas e a música en directo se fusionan para ofrecer novas propostas frescas e innovadoras cargadas de forza e sensibilidade, pensados para público xuvenil e adulto, dos que poden gozar tamén os/as pequenos/as da casa.

Dende o ano pasado animámonos a retomar con ilusión (nunca tan axeitado) este proxecto, que funcionou ininterrompidamente durante 4 anos (de outubro do 2014 a xuño do 2018), poñendo á súa disposición todos os nosos medios materiais e capacidades persoais para continuar con esta iniciativa que intenta chegar de modo directo aos públicos obxectivos e a novos públicos potenciais.

Ademais, o ciclo ILUSIOOÓH!N 2022 centrará os seus esforzos na creación de novos públicos, realizando no seu primeiro espectáculo unha mostra de buxainas ou, despois dalgunha das funcións, un encontro da compañía co público que o desexe, de xeito que o paso de todos estes artistas polo Ágora non quede simplemente na representación dos seus espectáculos.

A integración no proxecto "Circo a escena" por segundo ano consecutivo, promovido pola Rede Española de Teatros e Auditorios, é unha grande oportunidade para consolidar e ampliar a nosa grella programática de artes escénicas do IMCE, equilibrada en canto a disciplinas, e de continuar apostando por unha programación estable de circo no Ágora a través do ciclo ILUSIOOÓH!N.

~ ÁGORA ILUSIOOÓH!N

LUGAR E HORARIO:

CENTRO ÁGORA, ás 20.00 h

ENTRADA:

9,00€ (persoas desempregadas, carné xove e +65 anos: 7,00€) e abono 3: 21,00€.

VENDA DE ENTRADAS:

·WEB: www.ataquilla.com

·Despacho de entradas da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.

·Despacho de entradas do Ágora: dende unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles)

PAGAMENTOS:

No despacho de entradas da praza de Ourense, do Ágora e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

ACCESO:

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

- Pídesse puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.
- Todas as persoas que accedan ao auditorio do Ágora deben facelo con entrada.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

E DESPOIS DO ESPECTÁCULO:

Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou déixanos un comentario no noso correo agora@coruna.gal

MÁIS INFORMACIÓN: www.coruna.gal/cultura

Colaboran:



Depósito legal:





Idea orixinal, dirección e interpretación: **Guillem Vizcaino**
 Mirada externa: **Tomeu Amer**
 Deseño de luces: **Jaume Miralles**
 Técnico de son e iluminación: **Jaume Miralles**
 Deseño e creación de buxainas: **Guillem Vizcaino**
 Escenografía e vestuario: **Cía. D'es Tro**
 Autor musical: **Jaume Compte**
 Fotografía e vídeo: **Pablo Caracuel**
 Producción: **Noelia Caurel**

EXPOSICIÓN DE BUXAINAS DO MUNDO
 Colección de Luis M. Ramas Ramírez. No vestíbulo do auditorio do Ágora. Buxainas de todos os tamaños, formas, cores e mesmo sabores... buxainas mudas, buxainas que cantan, buxainas escuras, buxainas iluminadas... buxainas antigas, buxainas de onte, buxainas de hoxe, buxainas de sempre... pero que só son buxainas cando ti as bailas.

POI

de D'es Tro Teatre
Sábado 1 de outubro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 45 minutos
 Para todos os públicos

·PREMIO PANORAMA CIRCADA 2022 E 12 PREMIOS DO XURADO.
 ·GUILLEM VIZCAÍNO É O CAMPIÓN MUNDIAL DE ESTILO LIBRE DE MANIPULACIÓN DE BUXAINAS.

Fusionar as artes do circo co popular xogo da buxaina e as raíces da cultura mediterránea é o principal obxectivo deste espectáculo de carácter contemporáneo.

"Un personaxe atrapado desde a infancia polo efecto xiroscópico da súa buxaina. Unha viaxe de enredos e xiros que nos transporta ao xogo, un dos estados máis importantes da vida".

A buxaina é un xogo máxico e ancestral cuns xiros hipnóticos que teñen un percorrido de máis de seis mil anos de historia. Este xoguete, camiño da extinción, é capaz de deter o tempo, xa que o simple feito de observar xirar o elemento permítenos illarnos da velocidade que rexe a nosa cotiandade.



Intérpretes: **Morgane Jaudou e Marcos Rivas**
 Dirección: **Pablo Ibartuza**
 Coreógrafa aérea: **Zenaida Alcalde**
 Composición e produción musical: **Borja Fernández**
 Iluminador: **Alberto Rodríguez**
 Escenografía: **Marcos Rivas e Antonio Cerro**
 Deseño de vestuario: **Entretelas Vestuarios**

SIN MIEDO

de Maintomano
Sábado 15 de outubro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 55 minutos
 Para público xuvenil e adulto

·Imaxina o bonito que sería arriscarse e que todo saise ben"

"*Sin miedo*" é unha abordaxe poética sobre o medo e as maneiras de superalo. O medo como medida, o medo como estímulo.

As acrobacias toman forma sobre unha escaleira, obxecto escénico que establece os obxectivos, os desafíos, as dúbidas, as certezas e o risco. Cada banzo que se sobe supón avanzar cara a un obxectivo, tamén unha vertixe que fai dubidar no ascenso pero... hai que arriscarse para que todo saia ben.



Intérpretes: **Beatriz Rubio, Javier Lemus e Álvaro Reboredo**
 Dirección: **Álvaro Reboredo "Fitinho"**
 Autoría: **Maximiliano Sanford, Cía iO coa colaboración mirada externa Cía N+1**
 Escenografía: **Beatriz Rubio**
 Vestuario: **Atelier Efirmo**
 Música: **Javier Lemus**
 Iluminación: **Javier Quintana**
 Son: **Javier Lemus**

Catro[4"]segundos

de Compañía IO
Sábado 29 de outubro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 55 minutos
 Para todos os públicos, a partir de 6 anos

·PREMIO FETEGA 2019.

Catro segundos foi o tempo que lle levou a esa morea de ferros caer sobre o meu corpo. Uns segundos que se converteron en minutos. Uns segundos que, desta volta, sacaron o mellor e máis puro de min. O medo diluíuse para deixar paso a un corpo áxil e resolutor. Esta peza fala de accidentes, de risco, de vida e do autocoñecemento. *Catro segundos* lémbraos o animal que levamos dentro, ese animal que en ocasións pode chegar a salvarnos a vida.

Sobre o escenario e no medio dunha néboa densa aparécense dúas figuras humanas. Ela tumbada sobre el, no chan. Pouco a pouco ambos recuperan a súa vitalidade e con ela aparece o movemento. Non obstante hai algo estraño nas súas miradas. Xa nunca volverán ser os mesmos. Acaban de vivir sen dúbida unha experiencia transcendental que lles cambiará a vida.



Creación e interpretación: **Carlos Marcos, Fernando Santa-Olalla, Jorge Silvestre, Josu Monton e Miguel Frutos**
 Dirección artística e idea orixinal: **Jorge Silvestre**
 Dramaturxia, acompañamento no proceso persoal e grupal e intervención comunitaria: **Laura Presa e Fernando Gallego (La Rueda Teatro Social)**
 Coreografía: **Iris Muñoz e José Triguero**
 Mirada externa e dirección actoral: **Rakel Camacho, Laura Presa e Fernando Gallego**
 Deseño de iluminación: **Carlos Marcos**
 Composición musical: **Vaz Oliver**
 Deseño de escenografía: **Alfonso Reverón, Fernando Santa-Olalla e Miguel Frutos**
 Construción de escenografía: **Ijuggler Circus Props Maker**
 Deseño e confección do vestuario: **Zaloo Basaldua e Josu Monton.**

SUSPENSIÓN

de Compañía Nuevenuno
Sábado 12 de novembro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 60 minutos
 Para público xuvenil e adulto

En escena cinco homes. Catro deles son intérpretes, malabaristas, manipuladores de obxectos que no seu movemento fan flotar pelotas, imantanz mazas e lanzan coitelos. Un quinto mimetízase na mecánica luminica, un metatécnico, o manipulador da luz, que carga con lámpadas, ilumina a escena, proxecta imaxes e convida o público a acompañalo na iluminación do show mediante lanternas. Chamámoslle "suspensión" ao momento preciso no que unha pelota lanzada en liña recta cara arriba perde a súa inercia e mantense un breve intre flotando no aire, unha fotografía efémera cuxo desenlace normal aboca a pelota a precipitarse, pero... Que quere dicir normal? E se cambia a súa traxectoria ou decide quedar suspendida eternamente?



Intérpretes: **Charo Amaya e Javier González**
 Dirección: **Francis Lucas Macarro**

LA LITERA

de Circobaya
Sábado 26 de novembro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 55 minutos
 Para todos os públicos, a partir de 6 anos

·PREMIO AO MELLOR ESPECTÁCULO NO FESTIVAL 3 DÍAS DE FARÁNDULA DE GRAN CANARIA.

La litera é unha comedia para todos os públicos que incorpora acertadas pinceladas de circo (equilibrio en corda frouxa ou en rolo), teatro e clown, no que dous personaxes, Late e Lite, demostrarán que naceron para o espectáculo sen apenas saír dunha liteira. Enfrontándose e vencendo os seus medos, sobrepóñense a todo para levar o show ao maior subidón, utilizando un humor ás veces moi directo, ás veces moi sutil e case sempre moi parvo.

Gozar de *La litera* significa mergullarse nun universo particular, cheo de fantasía, no que, de forma un pouco absurda e hilarante, a situación pasa dun dormitorio a uns mandos de DJ e de aí a un barco pirata. Surrealismo e boa enerxía para todos os públicos.



Intérprete: **Victor Ortiz (Wilbur)**
 Dirección: **Rolando San Martín**
 Autoría: **Rolando San Martín e Wilbur**

FUEGO SALVAJE

de Wilbur
Sábado 17 de decembro de 2022, ás 20.00 h
 Duración: 55 minutos
 Para todos os públicos, a partir de 6 anos

Espectáculo para todos os públicos que combina maxistralmente o humor coa performance acrobática.

Algunha vez te preguntaches quen es? Esta peza é unha invitación a mirarnos no espello do patético. A aceptar que non somos nin tan guapos, nin tan fracos, nin tan gordos, nin tan intelixentes, nin tan normais.

Wilbur ábrenos o seu corazón para presentarnos unha historia real e arrebatadora. Unha viaxe iniciática sobre a reconquista do ser e do propio corpo.